

Bases reguladoras do programa "PLAN REACTIVA BETANZOS: PROGRAMA ESPECÍFICO DE APOIO AO COMERCIO LOCAL PARA A ANUALIDADE 2021"

ANUNCIO

Mediante acordo adoptado polo Pleno do Concello de Betanzos en data 31 de agosto de 2021 aprobáronse as seguintes bases:

Bases reguladoras do programa "PLAN REACTIVA BETANZOS: PROGRAMA ESPECÍFICO DE APOIO AO COMERCIO LOCAL PARA A ANUALIDADE 2021"

Base 1. DENOMINACIÓN, FINANCIAMENTO E LIÑAS XERAIS DA TRAMITACIÓN.

1.1. Denominación.

O presente programa denomínase PLAN REACTIVA BETANZOS: PROGRAMA ESPECÍFICO DE APOIO AO COMERCIO LOCAL PARA A ANUALIDADE 2021.

Os seu obxectivo principal é a reactivación e o mantemento da actividade económica e do emprego nestes sectores estratéxicos de desenvolvemento socioeconómico no Concello de Betanzos, como é o sector do pequeno comercio, que están a verse gravemente afectados pola crise derivada da pandemia.

1.2. Financiamento.

A dotación do PLAN REACTIVA BETANZOS: programa específico de apoio ao comercio local para a anualidade 2021, ascenderá á cantidade de 54.000,00 €, financiándose con fondos propios do Concello de Betanzos.

A dotación orzamentaria para este programa específico está incluída no Expediente de Modificación de Créditos n.º 24/2021 na aplicación orzamentaria 241/479.00.

1.3. Liñas xerais de tramitación.

A xestión destas axudas suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos, economía e de eficiencia na asignación equitativa dos recursos públicos, tal como sinala o artigo 31.2 da Constitución.

As presentes bases publicaranse no BOP e posteriormente publicarase tamén o extracto da convocatoria no BOP, a través da remisión do mesmo pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Toda a tramitación deste programa realizarase de maneira telemática, resultándolle aplicable a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha

delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

A Alcaldía resolverá a concesión, que se lle notificará aos interesados conforme ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. A publicación realizarase de conformidade co establecido nos artigos 41 a 46 da dita lei 39/2015.

Base 2. OBXECTO E FINALIDADE.

O obxecto do PLAN REACTIVA BETANZOS: programa específico de apoio ao comercio local para a anualidade 2021 é o mantemento da actividade económica nos sectores do comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco realizado en establecementos permanentes; produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes e comercio mixto ou integrado; comercio polo miúdo fora dun establecemento comercial permanente (ambulancia, mercadillos e mercados ocasionais ou periódicos); comercio en réxime de expositores en depósito e mediante aparatos automáticos; comercio polo miúdo por correo e catálogo de produtos diversos e servizos persoais; todos eles gravemente afectados pola crise socioeconómica derivada da pandemia orixinada pola crise da COVID-19.

Base 3. PERSOAS BENEFICIARIAS.

Este programa vai dirixido ás persoas traballadoras por conta propia ou autónomas e as microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que figuren dadas de alta no IAE, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021, en calquera dos epígrafes das Agrupacións 64, 65, 66 e 97, pertencentes á Sección 1.^a das tarifas de dito imposto aprobadas por R.D. Lexislativo 1.175/1990, de 28 de setembro.

3.1. Requisitos comúns a persoas físicas e xurídicas.

As persoas físicas ou xurídicas solicitantes deberán cumprir cos seguintes requisitos, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021:

- Ter o seu domicilio fiscal no concello de Betanzos.
- Estar dadas de alta nalgún(s) dos epígrafes do IAE indicados na Base 3, segundo figure no seu Certificado de Situación Censual actualizado.
- Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, no caso de persoas físicas.
- Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para os efectos destas bases, para a consideración de microempresa atenderase ao indicado no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de €.

Exclusións:

Non poderán ser solicitantes as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.

Tampouco poderán ser solicitantes da axuda, as asociacións, autónomos colaboradores e as corporacións de dereito público (Confrarías...).

Os/as socios/as ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade.

Base 4. CONTÍAS E COMPATIBILIDADE.

O importe a recibir terá unha contía fixa de 500 € por persoa beneficiaria que cumpra os requisitos, ata esgotar o crédito dispoñible.

Este programa é compatible con calquera outro programa ou axuda concedida por entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

4.1. Réxime de minimis.

As axudas do Plan Reactiva Betanzos quedan sometidas ao réxime de minimis en todas as súas liñas:

A axuda total de minimis concedida a unha única empresa non excederá de 200.000 € durante os tres últimos exercicios fiscais.

4.2. Marco nacional temporal.

A axuda global que unha empresa poida percibir ao amparo do Marco nacional temporal II e, en xeral, ao do resto dos marcos nacionais temporais e ao do Marco temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote de COVID-19, recollido na Comunicación da Comisión Europea do 19 de marzo de 2020 (2020/C 91 I/01) (DOUE do 20 de marzo), e as súas posteriores

modificacións, en forma de subvencións directas, vantaxes fiscais e de pagamento ou outras formas, como anticipos reembolsables, garantías, préstamos e capital, todas elas antes de impostos e outras retencións, non poderá superar os 800.000 € no exercicio fiscal en curso.

Base 5. FORMA, PRAZOS E DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE.

5.1. Forma.

As persoas interesadas en participar na convocatoria PLAN REACTIVA BETANZOS: PROGRAMA ESPECÍFICO DE APOIO AO COMERCIO LOCAL PARA A ANUALIDADE 2021, deberán presentar a correspondente solicitude, a través do apartado correspondente á convocatoria na páxina web <https://sede.betanzos.gal>, mediante a sinatura dixital da persoa física ou do representante legal da persoa xurídica, cubrindo os campos da solicitude e presentando toda a información que sexa requirida.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de maneira telemática é imprescindible que o/a solicitante, no caso de persoas físicas, e o representante legal da entidade, cando se trate de persoas xurídicas, dispoñan de sinatura electrónica.

En todo caso, teranse por non presentadas aquelas solicitudes rexistradas en formato papel e/ou as que habéndose rexistrado na plataforma, non presenten solicitude de ningunha axuda.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade. Considérase unha soa entidade todas aquelas nas que os/as socios/as, administradores/as ou membros da xunta directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% ás vinculadas nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puidesen encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

No caso de presentación de varias solicitudes só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

A presentación dunha declaración responsable falseando as condicións requiridas para a concesión dunha subvención ou ocultando as circunstancias que a impedisen ou limitasen, poderá ter a consideración dunha infracción moi grave nos termos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas posibles consecuencias sancionadoras e de reintegro da subvención percibida, nos termos que se recollen na dita norma. A estes efectos terase presente o réxime xurídico da declaración responsable previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

En calquera caso, considerarase como falseamento ou ocultación das circunstancias o incumprimento do compromiso de manter os requisitos necesarios para ter dereito ao cobro da subvención, a falta de

documentación que o acredite e o incumprimento da obriga de comunicar que se deixaron de cumprir os requisitos esixibles, no prazo sinalado nestas bases.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra alteración da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Betanzos coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Betanzos ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, o Concello pon á súa disposición un modelo de solicitude.

5.2. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de A Coruña mediante remisión da BDNS.

5.3. Documentación a presentar.

No momento da solicitude os solicitantes deberán achegar a seguinte documentación:

- DNI polas dúas caras; NIE acompañado do pasaporte, no seu caso; NIF da persoa xurídica.
- Certificado de Vida laboral onde conste a data de alta no RETA (no caso de que o solicitante sexa persoa física).
- Certificado de situación censual da Axencia Estatal Tributaria, actualizado a efectos de determinar a data de inicio da actividade.
- Certificado de titularidade de conta bancaria.

Na propia solicitude, as persoas solicitantes deberán declarar de xeito responsable o cumprimento de todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021, así como o cumprimento dos compromisos e obrigas das persoas beneficiarias:

1. Ter o domicilio fiscal no concello de Betanzos.
2. Desenvolver a súa actividade económica nalgún(s) dos epígrafes do IAE indicados na Base 3, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021, segundo figure no seu Certificado de Situación Censual actualizado.
3. Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. No caso de persoa física, estar de alta no RETA ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021, segundo figura no seu Certificado de Vida Laboral actualizado.
5. Non estar afectada polos límites establecidos no réxime de “minimis” ao que se acollen estas axudas.
6. Non estar afectada polo Marco Nacional Temporal II, e en xeral, ao do resto dos marcos nacionais temporais e ao do Marco temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote de COVID-19,
7. No caso de ser beneficiario/a da subvención, comprométese a cumprir todos os compromisos e obrigas recollidos nestas bases.
8. Aceptar a subvención que se lle poida conceder, manifestación que se entenderá realizada coa presentación da solicitude.

Os anexos correspondentes a este programa, se os houbese, estarán dispoñibles e poderán ser descargados na páxina web do Concello de Betanzos no momento de presentación da solicitude.

Base 6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E PAGO.

A concesión, recoñecemento da obriga e orde de pagamento a prol das persoas beneficiarias do programa realizarase nun único acto administrativo, mediante resolución da Alcaldía do Concello de Betanzos, previa comprobación pola unidade xestora da concorrência na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario aprobado.

Deste xeito, o procedemento de concesión establecido para este programa non ten a consideración de concorrência competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e pola finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

A concesión realizarase pola comprobación da concorrencia na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados nestas bases ata o esgotamento do crédito orzamentario aprobado.

En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia e sendo unha convocatoria de concorrencia non competitiva, a concesión resolverase por orde de rexistro de entrada das solicitudes completas presentadas. Naqueles supostos en que se lles requira aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, ou se presenten documentos posteriores, entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que tal requirimento estivese correctamente atendido.

No caso de que a unidade xestora detecte calquera deficiencia referida a súa solicitude ou documentación achegada, realizará requirimento mediante a plataforma notifica.gal á persoa solicitante, para que a emende a través da sede electrónica do Concello, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde a esta aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que o/a solicitante non emende neste prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

A resolución de concesión e pago comprenderá a identificación da persoa beneficiaria, a contía da subvención e as obrigas que lle correspondan por tal condición.

A resolución de concesión e pago emitirase atendendo á documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos presentada na solicitude, así como ás manifestacións contidas nas declaración responsable recollidas no propio formulario da mesma, subscrita pola persoa que a realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Tendo en conta que os requisitos para ser persoa beneficiaria deben cumprirse con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 e que os compromisos asumidos pola persoa beneficiaria se recollen na Base 7.^a, non é necesaria a aceptación expresa ou tácita da resolución regulada no artigo 21.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ao terse aceptado coa presentación da solicitude.

No suposto, de ser o caso, de esgotamento do crédito, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante resolución da Presidencia publicarase o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas no Boletín Oficial da Provincia co texto íntegro da resolución denegatoria por esgotamento de crédito, con indicación de que esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpor recurso contencioso-administrativo ou poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, de acordo co disposto no artigo 52.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime local.

A resolución de concesión e pago publicarase no taboleiro da sede electrónica do concello segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e de conformidade co establecido nos artigos 41 a 46 da referida Lei 39/2015.

Base 7. COMPROMISOS E OBRIGAS.

Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en especial, as seguintes:

- Cumprir con todos os requisitos indicados nestas bases, manter a mesma forma xurídica da entidade solicitante e a actividade económica durante alomenos dous meses contados a partir da concesión e pago da achega municipal.
- Declarar no momento de presentación da solicitude que non presenta máis dunha solicitude por entidade, persoa física (autónomo/a) ou entidade vinculada. No caso de que a solicitante sexa unha persoa física, declaración de que non forma parte dunha sociedade que realiza outra solicitude na presente convocatoria.
- Non estar nin ter estado incurso en expediente de regulación de emprego ou despedimento improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP.
- Autorizar ao Concello de Betanzos para obter as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello de Betanzos antes da realización do pago.
- Cumprir coa normativa de “minimis” e declarar ao presentar a solicitude que non supera os límites establecidos en dita normativa para o seu sector.
- Cumprir co Marco Nacional Temporal.
- Comunicar de inmediato a través da sede electrónica do Concello de Betanzos calquera modificación que puidese afectar a algún dos datos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidade Xestora do programa.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo con a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

- Dar publicidade ao carácter público do financiamento da actividade realizada, colocando un cartel con información sobre a axuda dun tamaño mínimo de 210 x 297mm en posición horizontal en cartón pluma plastificado ou similar, en lugar visible para o público no espazo de traballo ou, en caso de carecer deste, nun lugar relacionado coa actividade empresarial. Debe figurar expresamente o logotipo do Concello de Betanzos. O único logotipo válido é o que estará dispoñible na páxina web do Concello de Betanzos.
- O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta nun tamaño adaptado a estes.
- Esta obriga estenderase dende a data de concesión e pago e ata polo menos seis meses.
- Comprometerse a achegar canta información lle sexa requirida en todo o proceso e na comprobación de e control, que poderá efectuar o Concello de Betanzos, así como outras comprobacións e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, internos ou externos.
- Autorizar ao Concello de Betanzos a consultar os datos fiscais relacionados coa súa actividade empresarial.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións así como cantas responsabilidades de todo orde poidan derivarse.

Base 8. INCUMPRIMENTOS E SANCIÓN.

O incumprimento dos prazos na presentación das solicitudes de axuda ou da emenda da documentación correspondente se procedese, suporá a exclusión do proceso para o outorgamento da subvención.

O/a beneficiario/a poderá realizar unha autoliquidación para devolver voluntariamente as cantidades a reintegrar, sen prexuízo da tramitación do preceptivo expediente de reintegro.

Base 9. CAUSAS EXCEPCIONAIS.

9.1. Desistencia ou renuncia á subvención.

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión, as persoas ou entidades solicitantes, poderán desistir da súa petición. A desistencia realizarase por escrito mediante a presentación da renuncia a través da sede electrónica do Concello de Betanzos. Unha vez notificada a resolución definitiva de concesión da subvención polo órgano competente, as entidades beneficiarias poderán renunciar á subvención por

circunstancias excepcionais debidamente xustificadas mediante a presentación da dita renuncia a través da sede electrónica do Concello de Betanzos.

9.2. Reintegro.

A persoa beneficiaria poderá renunciar á parte da subvención non aplicada e realizar a autoliquidación e devolución das posibles cantidades indebidamente percibidas ou ás que estivese obrigado a reintegrar. Este suposto de devolución voluntaria da subvención resultará de aplicación en calquera momento.

9.3. Supostos de declaración de estado de alarma pola pandemia COVID-19 e empresas con ERTE.

Dada a situación excepcional provocada pola COVID-19, o órgano concedente poderá ampliar os prazos recollidos nestas bases. Neste caso procederase á publicación dos novos prazos na páxina web do Concello de Betanzos.

Base 10. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Bases de execución do orzamento do Concello de Betanzos, vixentes no momento da concesión.
- Regulamento (UE) n.º 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro).
- Marco temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote de COVID-19, recollido na Comunicación da Comisión Europea do 19 de marzo de 2020 (2020/C 91 I/01) (DOUE do 20 de marzo), e as súas posteriores modificacións

- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

Así mesmo, aplicaranse todas aquelas normas legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no dito ámbito.

A interpretación e resolución das dúbidas que puideran xurdir na tramitación do Programa, resolveranse pola Alcaldía do Concello de Betanzos, previo informe da Secretaría e da Intervención.

SOLICITUDE PLAN REACTIVA BETANZOS: PROGRAMA ESPECÍFICO DE APOIO AO COMERCIO LOCAL PARA A ANUALIDADE 2021.

CANLE DE NOTIFICACIÓN

☐ Notificación Postal

☐ Notificación Telemática

DATOS DA SOLICITUDE

NIF

Nome

Primeiro Apelido

Segundo Apelido

Teléfono

Correo Electrónico

Notificar a

Domicilio de Notificación

Código Postal

Concello

Provincia

ACTUANDO

☐ Actuando en nome propio

☐ Representando, en calidade de

Tipo de Representante:

Posibles valores: (Representante Legal, Titor Legal, Herdeiro Legal, Alcalde / Concelleiro Delegado, REA - Rexistro Electrónico de Apoderados, Outros, Certificado de Representación)

DATOS DO INTERESADO

NIF

Nome

Primeiro Apelido

Segundo Apelido

Teléfono

Correo Electrónico

IBAN

DATOS DA ACTIVIDADE

Epígrafe

Epígrafe do IAE segundo o Real Decreto Legislativo 1175/1990 de 28 de setembro (BOE 234 de 29 de setembro de 1990).

Nome comercial da actividade

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA

- ☐ DNI polas dúas caras; NIE acompañado do pasaporte, no seu caso; NIF da persoa xurídica
- ☐ Certificado actualizado da Situación Censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.
- ☐ Certificado de Vida laboral actualizado onde conste a data de alta no RETA (no caso de que o solicitante sexa persoa física).

No caso de non autorizar ao Concello de Betanzos a obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e o Tesouro da Seguridade Social, no que se certifica que a entidade está ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ao momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagos das subvencións, deberá presentar certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT) coa Facenda autonómica (ATIGRA) e coa Tesoreira Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse dende a data de presentación da solicitude ata a data de pago da subvención, no seu caso.
- ☐ Certificado de conta bancaria que acredite o número e a titularidade da conta na cal efectuar o ingreso da subvención.

No caso de que a persoa física que realice a solicitude da subvención tivese concedido un aprazamento/fraccionamento de débedas coa Tesorería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria ou coa Tesorería Municipal, deberá presentar coa solicitude a resolución de concesión do mesmo xunto ao último certificado de carecer de débedas posterior á concesión do aprazamento/fraccionamento.
- ☐

DATA E SINATURA

En

, a

de

de 2021

asinado

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o procedemento de Exercicio de Dereitos da Sede Electrónica.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

O SOLICITANTE DECLARA DE XEITO RESPONSABLE OS SEGUINTES ASPECTOS :

- a) Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante é coñecedora de que a Resolución de concesión emitírase atendendo ás manifestacións contidas na declaración responsable onde se declara que se cumpre cos requisitos para ser beneficiario/a da subvención, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- b) Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante ten o domicilio fiscal no Concello de Betanzos.
- c) Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante desenvolve a súa actividade económica nalgún(s) dos epígrafes do IAE indicados na Base 3, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021, segundo figure no seu Certificado de Situación Censual actualizado.
- d) No caso de persoa física: Declaro que a persoa autónoma solicitante, está de alta no RETA ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021, segundo figura no seu Certificado de Vida Laboral actualizado. No caso de persoa xurídica: Declaro que a persoa xurídica solicitante ten a consideración de microempresa atendendo ao indicado no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014 (empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de euros).
- e) Declaro non estar nin ter estado incurso en expediente de regulación de emprego ou despedimento improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP.
- f) Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante nos se atopa incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- g) Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante non pertence a ningún dos colectivos recollidos no apartado de exclusións da base 3.1.
- h) Declaro que non presento máis dunha solicitude por entidade, persoa física (autónomo/a) ou entidade vinculada. No caso de que a solicitante sexa unha persoa física declaro que non formo parte dunha sociedade que solicite outra subvención na presente convocatoria.
- i) Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante no está afectada polos límites establecidos no réxime de "Minimis" ao que se acollen estas axudas.
- j) Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante non está afectada polo

Marco Nacional Temporal II, e en xeral, ao do resto dos marcos nacionais temporais e ao do Marco temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote de COVID-19.

- k) Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante comprométese a cumprir todos os compromisos e obrigas recollidos nestas bases no caso de ser beneficiaria da subvención.
- l) Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante acepta a subvención que se lle poida conceder.
- m) Declaro que a persoa xurídica ou persoa autónoma solicitante comprométese comunicar de inmediato a través da sede electrónica do Concello e Betanzos calquera modificación que puidese afectar a algún dos datos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidade Xestora do programa.
- n) Dou o meu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e á súa publicación de acordo con a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- o) Autorizo ao Concello de Betanzos a consultar os datos fiscais relacionados coa miña actividade empresarial.
- p) Autorizo ao Concello de Betanzos para obter as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello de Betanzos.

En

, a

de

de 2021

asinado

Betanzos, 01 de setembro de 2021

A alcaldesa
María Barral Varela